

# O LUGAR ONDE VIVO

Saio da casa, da miña pequena e vella casa de Santiago de Compostela. Non teño hoxe nada que facer, e inda que isto pode parecer xenial, para min non o é. Calquera rapaz ou rapaza da miña idade quedaría mirando a tele ou xogando cos videoxogos na casa. Incluso habería algunhas excepcións nas que algún quedaría lendo. Pero eu non. Quero saír fóra, que me dea o aire galego. Así que collo a miña fruta e diríxome á praza do Obradoiro.

Todo aquí está aburrido. Todo tranquilo, coma se existise algunha ameaza na rúa. A excepción dunha señora, que está cruzando a praza cunha bolsa da compra, e dun matrimonio alemán, que miran cara a Catedral de Santiago con cara de parvos e murmurando en alemán o fabulosa que é.

Eu ando ata as escaleiras da catedral e séntome alí, mirando derredor. Creo que todos sabedes o que vou dicir. A catedral ás miñas costa é impresionante, por suposto; diante miña vese o Concello, que parece que o limparon fai pouco; e á dereita o Hostal dos Reis Católicos, con ese aspecto antigo que tanto lles gusta aos turistas. E entón, comezo a tocar unha canción celta coa fruta, e enlázoa coas notas dun antigo conxuro das meigas. Todo comeza a cambiar arredor de min. Desaparecen algúns edificios, hai máis árbores e parece que remataron de construír a catedral fai apenas uns días. Si, sigo estando en Santiago de Compostela. Pero a pregunta non é *onde*, senón *cando*.

Benvidos a Santiago de Compostela, 26 de agosto do ano 998 da nosa era. Sí, tranquilos, non estades tolos. Estou no ano 998. Todo ao meu arredor é diferente. A praza está chea de vida. Hai pequenos postos de venda por todas partes, e inda que parecen colocados ao chou, en realidade están postos estratexicamente para que leves de todo. Hai señores, señoras e señoritas, que negocian e regatean. Hai rapaces, que xogan ou incordian aos seus maiores. Hai un xograr tocando e recitando alá á dereita e un monxe está observándoo todo dende un recuncho, coma se quixese formar parte daquel barullo de cores e voces sen que ninguén se percatase da súa presenza.

Unha das moitas cousas que chaman a atención son as roupas que levan. Sinxelos vestidos, pobres pantalóns, sucias camisas... Levántome e exploro un pouco os pequenos obradoiros que hai por todas partes. "Obradoiros", de iso vén o nome da praza, praza do Obradoiro. A xente fíxase en min, e eu compréndoo. Non é porque leve roupa do século XXI, senón porque inda que vaia con roupa do século X, son unha rapaza vestida coma un rapaz. E, para rematar, non está ben visto que unha rapaza vaia por aquí e por alá ela soa.

Regreso ás escaleiras e míroo todo de novo. Hai poucas vivendas, hai máis paxaros, os edificios son feitos con pedra e rematados de facer. Pero tamén hai outras cousas. Nun recuncho, alá entre as sombras, hai un señor pedindo cartos, e se te acercas o suficiente podes ver que ten unha enfermidade horrible. A pel parece caerlle a anacos, non ten dentes e iso que non pasa dos 30 anos. Fáltalle algún dedo e está medio cego. Non é o único con algunha enfermidade atroz: se te fixas, hai máis mulleres e homes coma el, e ata algún neno ou nena. É o que ten vivir aquí, no século X as enfermidades non teñen remedio polo momento.

De súpeto, alguén me golpea no ombreiro. É o monxe, que ten un hábito de cor negra posto enriba e que leva ese horrible peiteado típico dos relixiosos. E dime:

-Todos merecemos a morte.

-Como di?!-exclamo medio asustada.

-Pois iso, rapaza. Todos merecemos a morte.

-Como imos merecer a morte? Ninguén merece tal cousa!-berrei, sorprendida polas palabras do monxe.

-Mira ao teu arredor, rapaza. É mais, mírate a ti mesma: vas vestida de pillabán só para divertirte un pouco.

-Iso non é verdade.

-Dá igual, ti mira ao teu arredor. Sabes o que eu vexo? Pobreza, enfermidades, desesperación, que son camufladas polas melodías dos xograres e as palabras de falso consolo dos poderosos. Mais todo segue sendo igual ca sempre, a mesma desgraza.

-Irmán, eu non comparto a vosa opinión.

-Pois non sei que idea terás ti. Se es filla dalgún poderoso señor, non tés nin idea do que é...

-Non son filla de ningún poderoso -interrúmpoo-, e creo que vostede tampouco pode opinar. Ten unha catedral na que vivir, ten comida e refuxio, non padece ningunha enfermidade e non ten que deixar o lombo traballando no campo. Irmán, vostede é un privilexiado.

-Privilexiado? Son un monxe que presenza a desgraza do día a día da nosa xente.

-E por que non o soluciona?

-Non son bruxo, rapaza, só un monxe. E todos merecemos a morte por isto que lle facemos ás cousas do Deus noso pai... Destruímos todo o que se nos pon ao alcance... Deus faloume, rapaza. Faloume do pasado, do presente e do futuro.

Do pasado: de como crucificaban a un home inocente, de como perseguiron e mataron a cristiáns, de como a Igrexa era corrupta. De como decaía todo un imperio, como había por todos lados espadas manchadas de sangue. De como os viquingos incendiaron e saquearon pobos enteiros, de como hai escravos servindo a un señor cuberto de xoias. Os poderosos gozaban da súa cómoda existencia mentres que os humildes se esforzaban a diario para simplemente poder subsistir.

Do presente: milleiros de crimes e infinita miseria, en todos lados hai fame, medo, odio e guerras. Miles de humanos creando barreiras polo simple motivo de ser uns distintos doutros. Temos unha Igrexa corrupta. Os poderosos gozan da súa cómoda existencia mentres que os humildes se esforzan a diario para simplemente poder subsistir.

E do futuro: Os normandos cruzarán o mar para apoderarse de Britania, os árabes recuarán un pouco na loita ao sur de España, e haberá sangue, moita sangue, e miles de mortos. Haberá moitas guerras, por medo, odio e intolerancia ante grupos de persoas distintas de raza, lingua ou relixión. A Igrexa queimarán e torturarán a inocentes, milleiros de persoas morrerán debido a unha enfermidade chamada peste. O mundo será moito máis grande que agora, e os cristiáns someterán, torturarán e asasinarán aos nativos. Haberá revolucións por todo o mundo, para loitar pola igualdade. Pero inda así os poderosos gozarán da súa cómoda existencia mentres que os humildes se esforzarán a diario para simplemente poder subsistir. E todo será cambiado polos cartos. A aristocracia do sangue será a aristocracia do diñeiro. Haberá armas cada vez máis perfectas e letais. Continuará habendo grandes soños revolucionarios de liberdade, solidariedade e igualdade. Pero seguirán sen cumprirse. Haberá guerras, torturas, matanzas. Todo será rápido, fume por todos lados e miles de produtos innecesarios por todas partes. Haberá moita xente, demasiada xente. Mercar, mercar e mercar. Aire sucio, bosques aniquilados, extinción

das especies, auga contaminada... Un petroleiro naufragará nestas mesmas costas galegas, matando peixes, paxaros... Será a aniquilación total da Terra. E logo crearán máquinas case perfectas, máquinas que os destruírán, traeremos a nosa propia extinción. Por iso merecemos morrer agora, para que os animais e a natureza non sufran por culpa do ser humano.

Quedei sen palabras. Todo era verdade, todo verdade. Nós vivimos nesa época que o monxe chamou de "rápida, fume por todos lados, contaminación, consumismo...". Pero ocorréuseme a visión dende outro punto de vista.

-Irmán, todo o que ti dis é verdade. Pero hai cousas que non dixeches. Eu sei o futuro. Seino. E vouche dicir outras cousas: hai felicidade. As persoas somos e seremos capaces de encontrar felicidade ata na miseria. Familias rindo, irmáns axudándose, amigos apoiándose. A risa dos nenos e das nenas... Hai xente que se sacrifica polo ben dos demais. Cando hai unha inundación ou un terremoto, a xente socorre aos afectados. Un petroleiro naufragará nestas costas, é certo. Pero centos de galegos axudarán a limpar o terreo e curarán aos animais afectados; e non só galegos, virá xente doutros lugares a propósito para axudar. Crearanse máquinas menos contaminantes, firmaranse tratados de paz, a Igrexa non terá tanto poder. Moitos nenos e nenas poderán ir á escola. Os cartos serán o centro de todo, é certo. Pero haberá voluntarios para axudar á xente pobre, liberaranse escravos. Case todos somos malos, pero sempre haberá alguén bo que axude ao resto e que inflúa nos demais.

O monxe non me dixo nada. Só me mirou sorrindo. E murmurou:

-Pode ser verdade que todo vaia a mellor.

Logo acercóuseme e dixo:

-Gustaríame saber o teu nome, rapaza.

-Gallaecia -mentín-, chámome Gallaecia.

Sentei e comecei a tocar a fruta de novo. Todo volveu ser coma sempre. Tranquilidade e rutina na praza do Obradoiro. Deime a volta e vin gravado nunha pedra, nun idioma estraño pero que entendín: "Por Gallaecia, e por todos aqueles de espírito positivo, para que nunca esquezan que o último que se perde é a esperanza".

Liwell Juuzou